Firmado por: ***419*** - RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ (FECHA: 2025-03-10 11:04:16.00)
CVD: zjJbVsuxK37/2QrfWD3y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 2271/2025

FIRMADO POR ***419***-Rubén Aroxo Fernández (FECHA: 10/03/2025)
Decreto Nº: 2271/2025 - Fecha de firma: 10/03/2025
Versión imprimible

**DECRETO**

**EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN MUNICIPAL AO OBXECTO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DE RECOLLIDAS SEPARADAS DE BIORRESIDUOS, ACEITES DE COCIÑA USADOS E TÉXTILES COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO RELATIVO AO MECANISMO DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 6/2025, por un importe total de 113.398,00 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, para dar cobertura ás obrigas derivadas da aportación municipal ao obxecto de solicitude de subvención para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 312/2025, do 10.03.2025 así como os RCMOD Ref.: 202500012528,202500012529,202500012530,202500012532,202500012534,202500012535,202500012536,202500012537,202500012538,202500012539,202500012541,202500012542,202500012543,202500012544, por importe global de 113.398,00 €

Considerando que a non dispoñibilidade de consignación neste intre derívase esencialmente da situación de prórroga orzamentaria, xa que isto leva aparellado a práctica inexistencia de capítulo VI de investimento e incluso que o crédito destinado a gasto corrente non se axuste ás contías do proxecto de orzamento para 2025 inicialmente aprobado. Unha vez en vixencia este, tendo en conta que a transferencia realízase esencialmente dende aplicacións de persoal, estas non están suxeitas a limitacións tan restritivas como as doutra natureza, polo que poderían recuperar, se procede, a situación orixinal.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación TC 6/2025 por importe de 113.398,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

| APLICACIÓNS | | APLICACIÓNS | C.P | |
|---|---|---|---|---|



MURALLA
patrimonio da humanidade

| ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO | IMPORTE € | ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO | | IMPORTE € |
|---|---|---|---|---|
| 16100.12003<br>16100.12100<br>16100.12101<br>16100.16000<br>16520.12002<br>16520.12100<br>16520.12101<br>16520.16000<br>17000.12004<br>17000.12100<br>17000.12100<br>17000.16000<br>17000.22706<br>17100.22706 | 7.447,47 €<br>3.483,06 €<br>4.834,74 €<br>4.500,00 €<br>8.825,26 €<br>3.483,06 €<br>9.669,48 €<br>4.908,57 €<br>6.192,90 €<br>2.574,90 €<br>3.756,96 €<br>3.721,60 €<br>45.000,00 €<br>5.000,00 € | 17000.22699<br>17000.60900 | 25MRR17001 | 79.360,00 €<br>34.038,00 € |
| **TOTAL CRÉDITO CEDIDO** | **113.398,00 €** | **TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO** | | **113.398,00 €** |

**SEGUNDO:** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.



FIRMADO POR ***419***-Rubén Aroxo Fernández (FECHA: 10/03/2025)
Decreto Nº: 2271/2025 - Fecha de firma: 10/03/2025
Versión imprimible